



0 pasado por vir

Catálogo de actividades

A Deputación de Pontevedra está a desenvolver o programa plurianual “O pasado por vir”, promovido polo Departamento de Memoria Histórica, co que se pretenden reivindicar ao longo deste mandato as ideas transformadoras que estaban vixentes antes do golpe de Estado de 1936.

A través deste programa búscase recoñecer a herdanza dunha xeración única e irrepetíbel a nivel empresarial, político, cultural e social, e transmitir a idea de que aínda que coa represión e coa Ditadura se arrasou cos proxectos, e mesmo se aniquilaron as persoas, as súas ideas e o seu legado seguen vivos.

Para iso, desenvolverase un amplo abano de actividades tanto de investigación coma de divulgación (xornadas, audiovisuais, *performances*, exposicións, publicacións e unidades didácticas), que estarán á disposición dos concellos, centros de ensino e das asociacións memorialistas da provincia para a súa realización en diferentes espazos xestionados polas entidades solicitantes.

Abordaranse as ambiciosas transformacións políticas, socioeconómicas e culturais que se produciron na Galiza entre 1900 e 1936, especialmente na provincia de Pontevedra, sempre tratadas con perspectiva de país, clase e xénero.

María Ortega
Deputada de Memoria Histórica

Nota: os concellos, os centros de ensino, as asociacións e os colectivos interesados en acoller algunha destas actividades deben poñerse en contacto co Departamento de Memoria Histórica no correo memoriahistorica@depo.gal para concretar a dispoñibilidade de datas e de eventos.



Proyecciones audiovisuais



ACORDA



UXÍA

Comezou a súa carreira en 1985, cando gañou o Primeiro Premio do Festival de Bergantiños. En 1995 deuse a coñecer en toda Europa co álbum *Estou vivindo no ceo*, no que renova a canción tradicional galega e lle dá pé á aparición dun amplo abano de vocalistas femininas na Galiza ao final dos anos noventa. Participou en varios proxectos colectivos e os seus temas forman parte de máis dunha ducia de recompilacións nacionais, estatais e internacionais. Compón ou intervén na banda sonora orixinal de varios proxectos audiovisuais e en 2017 concédeselle o Premio Rebulir da Cultura Galega como recoñecemento á súa traxectoria persoal e profesional na difusión e posta en valor da música galega. Ademais, é directora artística do proxecto “Acorda” da Deputación de Pontevedra.

DOCUMENTAL ACORDA

Acorda. Cartografía Musical da Memoria Histórica de Pontevedra é un proxecto audiovisual do Departamento de Memoria Histórica da Deputación orientado a dar a coñecer lugares e feitos singulares da memoria histórica da provincia a través da música, con vídeos protagonizados por Emilio Rúa e Silvia Penide, Ugia Pedreira e Marina Oural, Sheila Patricia, Eladio Santos, Tanxugueiras, Ezetaerre, Uxía e Su Garrido.

Os espazos escollidos para gravar *Acorda* foron a antiga Escola Normal, un lugar chave para a memoria na provincia; Ponte Regueiro, na Estrada, onde asasinaron veciños da comarca de Deza-Tabeirós e do Salnés; o Pozo da Revolta, en Marín, onde se fala da represión contra as mulleres por ser o lugar no que se asasinou a Carmen Pesqueira, A Capirota; a praia de Massó en Cangas, onde foron arroxados os mártires de Angueiro e na que se representa o trauma que para as familias supuxo non poder chorarllas ás vítimas; a praia de Alcabre en Vigo, onde se fala do sufrimento das mulleres que quedaron e a súa loita porque se lles faga xustiza, para que se loite contra a impunidade; A Bombardeira ou A Volta dos Nove, onde durante décadas apareceron pintadas na curva de Baredo, lugar no que foron asasinados nove homes, e onde hai nove cruces debuxadas na terra como xesto de resistencia; A Volta da Moura, onde se pon de manifesto a necesidade que ten a xeración neta e bisneta de rachar co silencio, para que non se dea un paso atrás na loita contra os fascismos; e, finalmente, a illa de San Simón, o gran símbolo da memoria e da solidariedade na Galiza, nunha reclamación para que sexa denominada illa da Memoria.

FICHA:

Uxía e Marina Carracedo (Damadriña Producións), dirección artística e revisión do guión
Lois Pérez, guión e narración
Montse Fajardo, asesoramento de contidos
Lucas Terceiro, realización
Pedro Tizón e Clara Alonso, cámaras
Arturo Vaquero, técnico de son
Alba Díaz, fotografías do *making of*
Marina Carracedo, produción
Víctor Coyote, deseño gráfico

CON:

Tero Rodríguez, Andrés Giráldez, Eduardo R. Cunha, Tatán, Lois Pérez Jr, Laura Pérez, Gonzalo Valcárcel, Sofía Núñez, Clara Iglesias, María Porto, Ana Facchini, María Diéguez e André Cés

E COA COLABORACIÓN ESPECIAL DE:

Queta Molas, Telmo Comesaña e Blanca Francés

Duración: 1 hora

Mariví, na pel da memoria_

unha curta de LAURA PIÑEIRO e CORAL PIÑEIRO



con MARIVÍ VILLAVERDE e LIDIA YEIGA dirección CORAL PIÑEIRO e LAURA PIÑEIRO guión BRUNO ARIAS, CORAL PIÑEIRO e LAURA PIÑEIRO produción CORAL PIÑEIRO montaxe BRUNO ARIAS e LAURA PIÑEIRO postprodución de imaxe LAURA PIÑEIRO postprodución de son JUAN GARRIDO deseño gráfico BRUNO ARIAS música orixinal ARTUR SILVEIRO un filme da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA realizado polo ASOCIACIÓN DE MEMORIA E CINEMA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O pasado por vir MEMORIA E CINEMA

ASOCIACIÓN MEMORIA E CINEMA

Laura e Coral Piñeiro son dúas irmás graduadas en Comunicación Audiovisual, a primeira delas especializada en Montaxe Cinematográfica pola Escola Superior de Cinema e Audiovisuais de Cataluña. Despois de realizar a súa primeira curta documental, *Dores*, seleccionada no DocsBarcelona e premiada polo público no OUFF, dirixen parte da súa carreira ao tratamento do pasado e da memoria histórica e crean a Asociación Memoria e Cinema como forma de conectar co noso pasado.

CURTAMETRAXE:

MARIVÍ, NA PEL DA MEMORIA

Unha carta a Mariví Villaverde, filla do alcalde republicano de Vilagarcía de Arousa, cidade onde naceu tamén a remitente, é o eixe central desta curta promovida polo Departamento de Memoria da Deputación de Pontevedra.

Con 14 anos Mariví Villaverde é testemuña do golpe de Estado de 1936, que lle obriga a exiliarse. Gran defensora da necesidade de recuperar a memoria das vítimas da ditadura, recollerá as súas vivencias no libro *Tres tempos e a esperanza*, co obxectivo de que ninguén máis sufra o que ela e a súa familia padeceron. Nesta curta faise un repaso da vida de Mariví, á vez que a remitente vai atopando puntos

en común con ela e reflexiona sobre a importancia de transmitir a memoria.

Duración: 15 minutos

Pódese solicitar un coloquio posterior co guionista ou cunha das directoras da curta.



Exposiciones



Exposición sobre o documental *Acorda*

A rodaxe do documental *Acorda* deu lugar a un traballo fotográfico que recolle como se fixeron cada unha das gravacións das pezas musicais e das caracterizacións nos lugares vinculados á memoria histórica da provincia: Pontevedra, A Estrada, Marín, Cangas, Alcabre, A Volta da Moura, A Volta dos Nove e a illa de San Simón.

Trátase dunha mostra que funciona como complemento á proxección da peza documental e tamén de maneira independente.

Inclúe arredor de medio cento de fotografías tomadas pola fotógrafa Alba Díaz que amosan o elenco, as persoas de asociacións e colectivos que colaboraron, así como o persoal da produción artística, e tamén imaxes dos lugares da memoria acompañadas de textos escritos polo guionista e narrador Lois Pérez nos que lembra o acontecido en cada un deles logo do golpe do 36.

Características técnicas:

Dez estruturas metálicas con vinte paneis a dobre cara de 0,90 m de largo por 2 m de alto.

Posibilidade de reducir á metade o número de estruturas e paneis.



Exposición “Rexas. Mulleres baixo o terror franquista”

A Deputación de Pontevedra reivindica a memoria das vítimas do alzamento de 1936 coa exposición “Rexas. Mulleres baixo o terror franquista”, unha escolma da historia de represión sufrida por 172 pontevedresas que foron perseguidas, asasinadas, encarceradas e que, ademais, polo feito da súa condición de mulleres, soportaron tamén vexacións de corte sexista.

A mostra divídese en tres bloques. O primeiro é o da contextualización histórica, que conta que o golpe de Estado supuxo unha quebra dos dereitos da República tanto no relativo ás clases coma desde o punto de vista das mulleres, que despois pasaron a ser tratadas “coma menores de idade ou sempre dependentes de varón”.

A segunda parte da exposición analiza as diferentes tipoloxías de represión: as mulleres non só padeceron o mesmo tipo de represión que os homes, senón que, ademais, foron obxecto de vexacións de corte sexista aplicadas ás cidadás significadas política ou sindicalmente e tamén ás familiares de homes perseguidos: foron rapadas, agredidas sexualmente, tatuadas, arrastradas con cordas ou obrigadas a bailar espidas diante da xente.

A terceira parte da mostra dedícase a recoñecer o labor solidario e resistente das mulleres, o seu apoio imprescindible á guerrilla, aos fuxidos, á xente presa e ás súas familias, ás viúvas e ás criaturas orfas, así como o seu protagonismo na transmisión da memoria.



Teatro



OS QUINQUILLÁNS

Compañía con máis de trinta anos de actividade teatral profesional adaptada a todo tipo de espazos e eventos: auditorios, casas da cultura, montaxes de teatro de rúa, cabalgatas, entroidos, montaxes históricas, a propósito...

Ademais de continuar cos espectáculos de sala e de rúa, desde 2013 a compañía especialízase na creación de montaxes teatrais baseadas en feitos históricos para ser representadas en lugares emblemáticos e en celebracións de animación popular. Esta foi a compañía que organizou a posta en escena e a participación cidadá das dúas edicións do exitoso Banquete de Conxo en Santiago de Compostela.

A SEÑORA DE FORCADELA

TIPO DE MONTAXE

Montaxe teatral de pequeno formato, adaptable a diferentes espazos e dotacións técnicas, cunha actriz, cun actor e cun guión sobre memoria histórica creado a partir da biografía de Josefa García Segret e doutras mulleres represaliadas en Galiza a partir de xullo de 1936.

DURACIÓN

1 hora

ELENCO

Tero Rodríguez
Lucho Penabade

VESTIARIO

Bety Busto

ADEREZO

Os Quinquilláns

ESPAZO SONORO

Orjais



POLO CORREO DO VENTO

Polo Correo do Vento nace coa aparición dos 7 libros da colección do mesmo nome, publicada por Edicións Xerais de Galicia no 2008. Desde entón, e tendo como base as súas publicacións, Polo Correo do Vento dedícase principalmente á realización de actividades lúdicas de animación á lectura e mestura a narración oral e a ilustración. Da mesma maneira, ao longo destes máis de dez anos de traxectoria levou adiante numerosos proxectos de ilustración, comunicación, publicidade, creación audiovisual e diversas publicacións infantís, sempre vencelladas ao seu oficio de narrar e ilustrar.

MISIÓN BIOLÓXICA DE PONTEVEDRA

Sinopse

O colectivo Polo Correo do Vento relatará dun xeito lúdico os case cen anos de historia da Misión Biolóxica de Galicia, sita na parroquia pontevedresa de Salcedo desde 1927. A actividade fai fincapé no seu traballo de investigación, que continúa a ser moi importante para o actual desenvolvemento agrario e forestal de Galicia, pero sobre todo nas figuras que foron o cerne da súa creación, coma Cruz Gallástegui, Bibiano Fernández Osorio-Tafall ou Ernestina Otero, pioneira na realización de visitas escolares neste centro. Falará tamén das ducias de mulleres que durante décadas traballaron no campo para que os seus logros fosen posíbeis.

Mentres Quique Mauricio se encarga do relato oral, Carlos Taboada e Tania Solla levarán a cabo dous murais, cada un no seu estilo, cos que representan a Ernestina Otero e a Cruz Gallástegui, para que o público poida ver dous xeitos diferentes de ilustrar.

A ilustración e a oralidade teñen un complemento musical realizado por Antón Ke e Marcelo Dobode, que coas súas composicións musicais adaptadas e orixinais fixarán os contidos da Misión Biolóxica. Ao tempo, Rebeca Araújo narra todo en lingua de signos.

Unha vez finalizada esta parte ábrese un debate co público asistente para abordar a importancia da ciencia e da investigación en Galicia, e incidir nos sectores económicos que aínda hoxe dependen dos traballos que realiza a Misión Biolóxica de Galicia.

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Sinopse

O Seminario de Estudos Galegos (SEG) foi unha institución que tiña como obxectivo o estudo de todas as manifestacións da cultura galega; así mesmo, encargábase de formar persoas investigadoras e de divulgar o resultado dos seus traballos. Chegou a contar con 600 persoas asociadas, entre as que se atopaban intelectuais coma Castelao, Otero Pedrayo, Paco del Riego ou Luisa Cuesta.

O colectivo de Polo Correo do Vento relatará a chegada do SEG a unha vila da nosa provincia (adaptarase a obra teatral ao concello onde se faga) como desculpa para explicar de xeito lúdico os seus obxectivos e enunciar as súas figuras máis importantes. Que foi o Seminario de Estudos Galegos, quen o coordinaba, cales foron os seus obxectivos ou que mulleres formaron parte del son algunhas das preguntas ás que se lles intentará dar resposta.

Mentres Quique realiza o relato oral, Carlos e Tania ilustrarán un mural sobre Castelao e Luisa Cuesta, integrantes do SEG, e

Antón Ke e Marcelo Dobode encargaranse da interpretación musical relativa a esta temática. Rebeca Araújo contarao todo en lingua de signos.

A actividade remata cun debate co público asistente no que se falará de como sería o SEG hoxe en día ou de cales serían as persoas encargadas de cada unha das seccións, facendo fincapé na importancia de que houbera un equilibrio entre mulleres e homes.

A VOLTA Á PROVINCIA DAS MISIÓNS PEDAGÓXICAS

Sinopse

As Misións Pedagóxicas foron un proxecto cultural realizado na Segunda República que tiña por obxectivo chegar a cultura ás pequenas vilas con representacións teatrais, sesións cinematográficas, festivais de monicreques ou coa doazón de libros para a creación de bibliotecas.

En Galicia tiveron unha grande importancia, xa que visitaron durante seis meses numerosas localidades. Polo Correo do Vento busca traballar a memoria da súa pegada por medio dunha acción teatral, *A volta á provincia das Misións Pedagóxicas*, na que mestura oralidade, música e ilustracións para conformar unha obra de teatro.

O relator contará como Rafael Dieste e Maruja Mallo

chegan ao lugar para montar un conxunto de actividades (biblioteca, concertos, teatro, monicreques...), ao tempo que Tania e Carlos realizan un mural e Antón Ke interactúa musicalmente.

Todo funciona ben na vila ou parroquia, e a xente aprende, pero comeza o levantamento militar e Rafael Dieste e Maruja Mallo teñen que marchar ao exilio coma refuxiados, poñendo en valor todo o que se perdeu naqueles anos de guerra.

Unha vez rematada a obra comezará o obradoiro de debuxo, no que o público infantil poderá realizar, seguindo as instrucións de Tania e Carlos, unha caricatura de Maruja Mallo e de Rafael Dieste, cadaquén ao seu estilo.

Necesidades técnicas das actividades de Polo Correo do Vento

O colectivo de Polo Correo do Vento non precisa condicións especiais de escenario e iluminación.

En caso de ser necesaria megafonía, achegaraa a entidade organizadora.

Esta actividade teatral pode realizarse tanto en exterior coma en interior.

Público obxectivo: alumnado de ESO e de bacharelato. Adaptarase o contido ao público obxectivo.

Aforo máximo: ata 120 asistentes.

Duración: 45 minutos aproximadamente.



Narración oral



VERO RILO

Narradora oral e educadora con titulación en Integración Social e Educación Infantil, Vero Rilo leva participado nun feixe de proxectos fóra e dentro do País e do Estado, deseñando e impartindo obradoiros para docentes onde fai convivir as dúas disciplinas que ocupan a súa vida: a narración e a práctica educativa.

No 2013 emprende Daboapipa, co acordeonista Santi Prieto, un proxecto conxunto de narración e música para público familiar que se deu a coñecer na escena galega con *Contos de Animalario*. Pouco despois chega ao público adulto con *Historias de vida, guerra, amor e case morte*, ao que lle dará continuidade *Lavadeiras* .

Actualmente, centra o seu traballo en Rilo&Penadique, da man da acordeonista Sonsoles Penadique.

Divas de diván, *Pallasos en rebeldía* ou *Apatacón* con Faia Díaz, vocalista de De Vacas, son outras das compañías nas que continúa traballando.

RE(A)MAR, MEMORIAS DO SALITRE

Re(a)mar, memorias do salitre é unha proposta de narración oral da contadora Vero Rilo con historias reais de recollida que fan un percorrido pola paisaxe de xullo do 36, desde a resistencia e a represión no arsenal de Ferrol ata as lavadeiras da illa de San Simón. Historias bañadas polo mar, para chegarmos ao máis fondo e reivindicar a memoria do común a fin de que non se esqueza. *Re(a)mar* busca que a memoria se siga transmitindo e fique viva, fresca, rebelde e con cheiro ao salitre.



Obradoiros



XURXO SOUTO

Cantante, acordeonista, escritor, actor, director e locutor galego. É licenciado en Filoloxía Clásica, pero a súa actividade máis coñecida foi a de líder e vocalista de Os Diplomáticos de Monte-Alto, entre 1990 e 2001. Desde 1986 comezou a traballar en diversos programas de radio en galego (coma *A tropa da tralla*), colaborou con varias publicacións (coma a revista *Bravú*) e foi subdirector de programas da Radio Galega, onde tamén dirixía *Aberto por reformas*, un espazo caracterizado por emitir exclusivamente música en galego. Forma parte do grupo Os Tres Trebóns, onde se encarga da voz e do acordeón.

MÚSICA REPRESALIADA, MEMORIA

O obradoiro serve para tomar conciencia de como o imaxinario que impuxo a Ditadura franquista segue a funcionar e a definir en parte o presente. Búscase descubrir o esplendor musical que lle roubaron á sociedade facendo un percorrido polos proxectos musicais destruídos tras o golpe de Estado de 1936 e reivindicar a dignidade das e dos artistas que sufriron a represión (algunhas e algúns mesmo perderon a vida) neses días de barbarie, un traballo sobre o que ata o de agora non existe investigación e no que se pretende abrir camiño.

Partirase de diferentes testemuños orais e dalgunha referencia literaria coa pretensión de que esas achegas sirvan de estímulo para que as persoas que participen no obradoiro conten as historias das e dos artistas da súa contorna.



O GARAXE HERMÉTICO

O Garaxe Hermético é unha escola profesional de banda deseñada fundada por Kiko da Silva en Pontevedra, que conta entre o seu profesorado con profesionais do sector en activo coma Fernando Iglesias, Miguel Porto, Fernando Llor, Zaida Novoa, Fonso Barreiro ou o propio Kiko da Silva. Ademais, expertas e expertos de renome imparten clases maxistras en cada un dos cursos.

O obxectivo fundamental do Garaxe Hermético é formar o alumnado da maneira máis realista e próxima á realidade laboral da banda deseñada, así como fomentar a publicación da súa obra. Nese sentido, a escola outorga un premio de fin de curso, que consiste nun contrato editorial coa editorial Retranca para que a persoa escollida poida editar a súa primeira obra en lingua galega. Así mesmo, desde 2019, e coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, o seu alumnado opta ao Premio de Banda Deseñada O Garaxe Hermético, que busca fomentar a creación de banda deseñada infantil e xuvenil en galego. Algunhas das persoas formadas alí recibiron premios tan prestixiosos coma o Xuventude Crea de Banda Deseñada, o Premio Curuxa do Humor, o Premio de Cómic de Cornellá, o Premio Internacional de Manga de Clipstudio ou o Premio da Caricatura de Ferrol.

En 2018 o centro foi escollido para participar no European Comic Schools Contest, organizado por Clipstudio, un dos máis importantes concursos de ilustración e banda deseña-

da de Europa. Nese certame a súa alumna Miriam Iglesias recibiu o primeiro premio na categoría de ilustración. O Garaxe Hermético tamén recibiu o Premio Ourense á mellor iniciativa de banda deseñada en 2012.

A MEMORIA HISTÓRICA EN VIÑETAS

Impartido por profesorado do Garaxe Hermético, o obradoiro A Memoria Histórica en Viñetas pretende recuperar, a través da narrativa gráfica, historias familiares para que o alumnado dos centros de ensino da provincia teña a oportunidade de aprender a contar relatos relacionados coa época da ditadura usando a técnica da banda deseñada: un medio de creación perfecto para contar feitos pasados e narrar aquelas historias que fican no recordo das xeracións que nos precederon.

Así, a través deste obradoiro, o alumnado aprenderá a crear unha banda deseñada a partir das lembranzas que atesoura a súa familia. Falarase de como escribir un guión e de como convertelo logo en secuencias de imaxes. Daranse claves para a creación de personaxes, o tinxido, a realización de rótulos e a composición de páxinas.

Consta de dúas sesións: unha teórica e unha práctica. A duración de cada sesión é de hora e media.

Duración: 3 horas (divididas en dúas sesións)



**O
PASADO
POR
VIR**

ACHEGAS Á HISTORIA DA PONTEVEDRA QUE DESBOTOU O FRANQUISMO

Charlas e coloquios

As investigadoras e investigadores que participaron no libro *O pasado por vir. Achegas á historia da Pontevedra que desbotou o franquismo*, ademais das e dos especialistas en memoria histórica que se poidan ir incorporando ao catálogo, ofrecen charlas e coloquios sobre diferentes temáticas relacionadas coa memoria histórica galega.

MARCELINO ABUÍN

Licenciado en Historia, con estudos de doutoramento e especialización en Xestión do Patrimonio Cultural, é autor de diversas publicacións, entre as que destacan *A conquista da República. Vilagarcía de Arousa 1920-1935* e *A primavera rota. Vilagarcía de Arousa 1936-1941*.

1. A CONQUISTA DA REPÚBLICA

Preténdese abordar a crise do sistema de 1920 desde diferentes perspectivas. Existe unha solución autoritaria, outra de continuidade da Restauración monárquica e a vía republicana. Ao fracasar as dúas primeiras, proclámase a II República. As tensións sociais, políticas e territoriais fragmentan a base social republicana, a clase media.

2. A TOMA DE VILAGARCÍA

O golpe de Estado dirixido por Sanjurjo e Mola provoca a reacción de amplos sectores locais. O dilema das e dos anti-

feixistas é prepararse para unha resistencia armada ou confiar en que as autoridades aborten o intento. Vilagarcía de Arousa sumouse aos sublevados a través dunha auténtica toma militar do territorio, polo que esta pasou a ter a categoría de terra conquistada.

MONTSE FAJARDO

É a coordinadora do programa “A memoria das mulleres” do Concello de Pontevedra e autora de libros relacionados coa memoria histórica coma *Matriarcas*, *Un cesto de mazás* ou *A vida incerta*. Ademais, colaborou en publicacións colectivas coma *Do gris ao violeta* ou *O pasado por vir*.

1. A REPRESIÓN CONTRA AS MULLERES TRAS O GOLPE DE ESTADO DE 1936

Mostra as distintas tipoloxías de represión contra as mulleres, con exemplos e fotografías dalgunhas das galegas que a sufriron e defende a necesidade de ampliar o termo vítimas, “as que quedaron”, nais, orfas, viúvas, mulleres que, ademais de ficar sen o ser querido, perderon tamén o principal sustento do fogar. Como saíron adiante e cal foi a súa forma de resistencia, de lembrar, nun tempo sen dereito a dó. Como se mantivo viva a memoria do que pasou no tempo do silencio e de como chega hoxe ata nós.

2. A LOITA DAS MULLERES NO SÉCULO XX: CEN ANOS DE CONQUISTAS E REPRESIÓN

Os albores do século XX traen un tempo novo para as mulleres, que non van ficar alleas a batallar en prol da consecución de dereitos emprendida polos novos momentos sociais coma o agrarismo, o sindicalismo ou o nacionalismo, ademais de loitar por incorporarse con pleno dereito á vida social e política en igual condicións ca eles. Mais ese tempo esperanzador foi truncado polo golpe de Estado de 1936 e ás pioneiras tocoulles batallar de novo contra unha ditadura que as devolvía ao ámbito do privado. A charla fai un repaso por cen anos de historia das galegas: desde o agrarismo de finais do século XIX ata a loita en prol da democracia na que estiveron inmersas moitas mulleres ata ben entrados os anos oitenta do século XX.

DIONISIO PEREIRA

Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, é un investigador especializado na historia dos movementos sociais na Galiza contemporánea. Entre 2006 e 2013 participou como coordinador da provincia de Pontevedra no proxecto de investigación interuniversitaria “Nomes e voces”. Os seus últimos libros son *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*, *Emigrantes, exiliados e perseguidos: a comunidade portuguesa na Gali-*

za (1890-1940), *José Pasín Romero: Memoria do proletariado militante de Compostela, Escritos africanos. Entre Galicia y el Rif: una mirada desde la periferia* e, con Eliseo Fernández, *Nacionalismo e Anarquismo na Galiza (1840-1940)*.

1. DESCRICIÓNS BIOGRÁFICAS DE MULLERES SINDICALISTAS NA PONTEVEDRA REPUBLICANA

Un dos feitos relevantes na formación do proletariado organizado na Pontevedra dos anos trinta do século pasado foi a incorporación masiva da muller traballadora tanto aos sindicatos de clase de corte marxista coma de ideario anarcosindicalista, unha mudanza societaria que tivera o seu inicio nas fábricas de conservas e salga das Rías Baixas na alborada do século en cuestión. O obxectivo da charla é humanizar este proceso no devandito territorio a través das descrições biográficas de diversas mulleres destacadas na loita sindical nese tempo esperanzado que foi a II República.

RAÚL SOUTELO

Doutor en Historia pola Universidade de Vigo, profesor de Xeografía e Historia no IES Campo de San Alberto de Noia, profesor asociado de Didáctica das Ciencias Sociais na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e membro da comisión técnica do Arquivo da Emigración Galega no Consello da Cultura Galega.

1. *A MEMORIA DA EMIGRACIÓN GALEGA A AMÉRICA: MITOS, TÓPICOS E REALIDADES COMPROBADAS POLA INVESTIGACIÓN HISTÓRICA*

Por que emigraron máis as galegas e os galegos que as xentes doutras rexións de España? Cales foron as causas reais da diáspora galega a América; as características da emigración galega na época contemporánea: a tipoloxía das e dos emigrantes, dos destinos e dos proxectos migratorios, a importancia dos coñecementos e das e dos coñecidos: as redes familiares, veciñais e de paisanaxe; estratexos na retagarda; as mulleres nas familias con emigrantes e a especificidade da emigración feminina; as consecuencias da emigración para a sociedade galega: tópicos e realidades sobre as persoas retornadas da emigración e os investimentos dos aforros das e dos emigrantes; propostas de obradoiros para recuperar a memoria da emigración a escala municipal e parroquial: a importancia da documentación epistolar e fotográfica conservada nas familias con emigrantes.

2. *AS IRMANDADES DA FALA CEN ANOS DESPOIS: O LEGADO DOS SEUS PROXECTOS POLÍTICOS E CULTURALS.*

O profesor Soutelo aborda a orixe e a evolución das Irmandades da Fala e o que supuxeron como salto cualitativo a un movemento político nacionalista desde o rexionalismo heteroxéneo; o discurso das Irmandades e as e os destina-

tarios do seu proxecto nacional, analizando tanto os erros tácticos coma os triunfos estratéxicos a longo prazo. Así mesmo, afonda no seu intento de alicerzar no coñecemento a existencia do país, no proxecto estratéxico desenvolvido polo Seminario de Estudos Galegos e polos seus epígonos.

MANUEL IGREXAS ROGRÍGUEZ

Manuel Igrexas (Lalín, 1961), licenciado en Filosofía pola Universidade Literaria de Valencia, é profesor de Filosofía no IES Laxeiro de Lalín. Foi investigador sobre a II República e a represión franquista na comarca de Deza e escribiu artigos e comunicacións sobre esa temática. É autor da biografía de Xesús Golmar (*Xesús Golmar*, Edicións Fervenza, 2005) e dunha edición crítica do libro de contos *O naranxo* de Ramón de Valenzuela.

1. *O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS NAS TERRAS DE DEZA*

Entre 1928 e 1935 o Seminario de Estudos Galegos organizou e desenvolveu varias xeiras na comarca de Deza co obxectivo de editar un estudo integral da comarca, que se chamaría *A Terra de Deza*. O golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 truncou a publicación dese traballo, que se perdeu para sempre. Estas campañas axudaron a establecer conexións e vínculos entre os membros do Seminario de Estudos

Galegos e algúns dos máis importantes persoeiros da vida social e política dezá desa época.

XOSÉ ÁLVAREZ

Profesor de Historia, xa xubilado. Licenciado en Xeografía e Historia e cun máster en Educación Ambiental (Fundación Universidad-Empresa. UNED). Conta entre as súas publicacións con *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-1939)* ou *Mourente nos anos do medo. Sociedade, golpe militar e represión*. Tamén participou en libros e publicacións de autoría colectiva coma *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron, Rebeldía galega contra a inxustiza* ou *El terror fascista en Galicia. Memoria antifranquista del Baix Llobregat. Núm. 13*. Desde 2008 mantén na rede o blog *Pontevedra nos anos do medo* (<http://anosdomedo.blogspot.com>) sobre historia contemporánea. Ademais, tamén escribe en revistas coma *Revista Galega de Educación, Cuadernos de Pedagogía* ou *Cedofeita*, entre outras e colabora en *Nós Diario*.

1. *O MOVEMENTO AGRARIO NA COMARCA PONTEVEDRESA*

A historia do movemento agrario na comarca de Pontevedra, desde a súa formación ata a represión sufrida tras

o golpe militar de 1936. As iniciativas de progreso que impulsaron (entidades de crédito, publicacións, innovacións técnicas etc.), a participación política ao longo do tempo e a acción represora sobre os seus dirixentes, así como o esquecemento que se impuxo sobre este tipo de sociedades.

LOLA VARELA

Docente, experta en coeducación, feminista e galega. Estudou na Universidade de Santiago de Compostela e exerceu a docencia en diferentes lugares da Galiza e do resto do Estado, e nos últimos anos tamén en Alhucemas (Marrocos). Vive nunha aldea de Cerdedo-Cotobade, na Terra de Montes, desde hai vinte e cinco anos e neste tempo centrouse no activismo social no eido do feminismo, da ecoloxía e da memoria histórica. Presidiu a asociación ecoloxista Verbo Xido e formou parte da directiva da asociación de mulleres Espadela. Colabora en prensa de xeito habitual e participa en charlas e en congresos.

1. *MULLERES E REPRESIÓN NA TERRA DE MONTES: VÍTIMAS E VITIMARIAS*

A través dos traballos realizados, fundamentalmente por Dionisio Pereira e Carlos Solla, sobre a represión nos diferentes lugares da Terra de Montes a partir do golpe de Estado fascista e coa chegada do franquismo, albíscanse nomes de mulleres das que cómpre saber algo máis. As diferentes

facianas do sufrimento soportado por elas a causa da súa ideoloxía disidente ou do de persoas das súas familias levounas ao cárcere, ao exilio, a seren torturadas, extorsionadas economicamente e a ser tratado o seu corpo como botín de guerra, nalgún caso. Pódese falar, por suposto, de vítimas, mais tamén das vitimarias, que defenderon valores e desempeñaron roles totalmente rexeitados polo feminismo como movemento social contrario á violencia, ao autoritarismo e á intolerancia.

SERGIO BALCHADA

Autor do estudo *Galegos no Exército de Euzkadi (1936-37)*, a piques de ser publicado pola Deputación de Pontevedra, dalgúns artigos na revista *Luzes* e de blogs de historia.

1. OS GUDARIS GALEGOS DO EXÉRCITO DE EUZKADI

En 1936 centos de esquerdistas galegos combateron coas armas contra os militares golpistas enrolados no Euzkadiko Gudarostea ou Exército de Euzkadi. Proveñen das colonias galegas en terra vasca (singularmente de Trintxerpe), evadidos da Galiza e desertores do exército sublevado. Cómpre salientar a formación-batallón Celta da CNT, eminentemente galega.

VALENTÍN GARCÍA BÓVEDA

Vicepresidente da Fundación Alexandre Bóveda e membro da Sociedade Antropolóxica Galega. Profesionalmente é empresario e produtor cultural en Ab Oríxine Antropoloxía, e conta cunha dilatada experiencia na posta en valor da memoria e da cultura galegas. Está persoado na Querela Arxentina como demandante no caso de Alexandre Bóveda.

1. INNOVACIÓN CULTURAL, ECONÓMICA E GALEGUISTA: UN MODELO REPRESALIADO A RECUPERAR

O cambio do paradigma sociocultural, cunha óptica galeguista e republicana maila a súa relación cunha economía anovadora, da que aínda podemos percibir parte da súa herdanza. Desde esta óptica establécese o nexo existente da represión sobre os persoeiros e o actual novo sistema.

BEATRIZ BUSTO

Musicóloga e antropóloga, é doutora en Antropoloxía Social pola Universidade Autónoma de Madrid. É investigadora do Grupo de Investigación e da Rede Internacional Galabra e autora dos libros *Um país a la gallega. Galiza no NO-DO franquista* e *Pandereteiras de Mens*, ambos froito das súas investigacións teóricas e de campo no eido da Musicoloxía e Antropoloxía Social. Participou en numerosos eventos,

tanto científicos coma divulgativos, compartindo as teses principais das súas investigacións. Destaca a súa perspectiva epistemolóxica decolonial e feminista aplicada ao estudo da imaxe cinematográfica e das tecnoloxías de poder arquitectas de representación cultural e identidade.

1. A GALIZA EM NO-DO. A ARQUITETURA DA SUBALTERNIDADE CULTURAL

NO-DO, acrónimo de *Noticuario Documental*, foi o organismo de propaganda cinematográfica do réxime franquista e nel e a través del inventáronse e promovéronse un gran número de arquetipos sobre Galiza. Isto converteu o *NO-DO* nun potente aparato de representación cultural. Dos 6.000 materiais do arquivo *NO-DO* moitos fan referencia explícita a Galiza e á cultura galega, presentada dun xeito estereotipado, subalterno e desde unha óptica profundamente colonial. Así, o estereotipo, o tipismo folclorista e a homoxeneización convertéronse nas principais ferramentas de representación da Galiza nas imaxes do réxime. Esta representación galaiquista da Galiza e do galego tivo severas consecuencias de cara ao futuro, xa que nos produciu, definiu e representou ata tal punto que os tipos folcloristas derivados dese exercicio de poder incidiron notablemente –de xeito transversal; colectivo e individual– na forma na que Galiza se pensa hoxe a si mesma e no xeito no que produce representación cultural no marco dun sistema turístico capitalista que

tende a mercantilizar e capitalizar os elementos etnicitarios reducíndoos a “tipos” consumibles á venda.



0 pasado por vir